



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía

Curso Académico: Curso 2016-2017

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras
 - Rematadas: curso 2016-2017
 - AM-1
 - AM-2
 - AM-3
 - AM-4
 - Propostas: curso 2017-2018
 - AM-1
 - AM-2
 - AM-3
 - AM-4

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía
Mencións/Especialidades	A CUBRIR POLO TÍTULO
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	A CUBRIR POLO TÍTULO
Centro responsable	Facultade de Filosofía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filosofía
Rama de coñecemento	A CUBRIR POLO TÍTULO
Número de créditos	A CUBRIR POLO TÍTULO
Profesión regulada	A CUBRIR POLO TÍTULO
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2016/2017
Data acreditación ex ante (verificación)	28/04/2016
Data renovación acreditación	28/04/2020

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O curso 2016-2017 é o primeiro de implantación do título, tendo unha matrícula, aínda que mellorable, estimable para este tipo de estudos. Non hai que esquecer que se oferta con orientación investigadora; e, ademais, que malia o esforzo feito, dado o momento en que se soubo que estaba aprobada a súa oferta, a repercusión da difusión resultou escasa por tardía con respecto a másteres semellantes no contexto do estado español. Por outro lado, se temos en conta a proporción de alumnas/os graduadas/os que en xeral –sobre todo en tempos de crise- se espera que cursen estudos de posgrao –de custe notoriamente máis alto que os de Grao- entendemos que as cifras de matrícula son –para un Máster de nova oferta- bastante aceptables, aínda que, insistimos, consideramos que son mellorables. Asumimos, en todo caso, o obxectivo de incrementar a matrícula e de adicar esforzos informativos cara a captación de alumnado procedente de distintas titulacións e de outras universidades nacionais e extranxeiras.

Trátase do único Máster en Filosofía ofertado na USC e no SUG. O Máster completa os estudos de Filosofía en Galicia. A necesidade de que haxa un “título” de Máster en Filosofía, cunha oferta na que participen distintas áreas de coñecemento –varias non estritamente filosóficas, pero con aportes que enriquecen a formación- está xustificada con independencia de que os niveis de matrícula poidan resultar ocaionalmente baixos en termos relativos; máxime cando falamos dun Máster que se desenvolve con recursos xa dispoñibles, é dicir, a custe nulo na práctica para a USC e o SUG. O Máster resulta necesario para completar o Grao de Filosofía que oferta a USC –único en Galicia-, pechando así cabalmente o ciclo “4+1” previsto en España para acomodarse ao EEES, e para asegurar unha oferta formativa propiamente filosófica que encamiñe cara aos Programas de Doutoramento con esta orientación actualmente vixentes na USC e en Galicia; a saber: o Programa de Doutoramento en Filosofía (con 36 alumnos matriculados neste curso académico) e o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia (con 12 alumnos matriculados tamén neste curso académico). O Máster non só é de interese para graduadas/os en Filosofía, senón para estudantes que proveñen de titulacións –graos e licenciaturas- diferentes de Filosofía. Constatamos unha demanda de formación filosófica como complemento doutras titulacións e, en consecuencia, como complementaria en diversos procesos de profesionalización.

Non hai no SUG ningún título que se solape con este. En particular, todos cantos teñen que ver cos ámbitos de Humanidades ou de Ciencias Sociais teñen un perfil diferente, perseguen outros obxectivos formativos, e non dan lugar a solapamentos máis que excepcionalmente nalgunha materia optativa do Máster. En todo caso trátase de materias coas que deben asegurarse os requisitos formativos esixidos a todo máster (por exemplo, os relacionados coa perspectiva de xénero). De feito, a maior parte do impartido carece de cobertura no SUG a nivel de posgrao.

Procedeuse ao seu desenvolvemento seguindo o plan de estudos conforme á memoria verificada, sen terse

presentado incidencias salientables. Dito desenvolvemento procurou, e veu reforzado, un dos seus eixos fundamentais, isto é, o seu carácter interdisciplinar, tanto nas materias básicas como nas dos dous itinerarios (Coñecemento e comprensión do mundo e Cidadanía e globalización), así como os obxectivos orientadores do título: "Proporcionar unha formación sólida e especializada en pensamento crítico acerca do coñecemento e comprensión do mundo, da cidadanía e a globalización", "Situación dita formación no conxunto dos saberes humanísticos, as ciencias naturais, as tecnoloxías e as ciencias sociais", e "Familiarizar ao alumnado coas técnicas e requerimentos da investigación".

Malia non ter demasiado tempo para a súa difusión, e sendo sustancialmente diferente aos anteriores másteres ofertados pola Facultade de Filosofía, nesta primeira edición, das 20 prazas ofertadas, cubríronse finalmente 7, (aínda que inicialmente houbo algúns pre-inscritos máis, mesmo matriculados, que por distintas razóns acabaron renunciando): 3 alumnos procedentes do grao en Filosofía; 1 alumno procedente dun grao en Filosofía dunha universidade do EU; 1 alumna procedente dun grao en Psicoloxía, e 2 alumnos procedentes da licenciatura en Filosofía.

A nota media de acceso por preinscripción (IN06M-PC-05) foi de 7,55; a porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07M-PC-05) é do 100 %.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M-PC-05) foi do 14,29%; e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09M-PC-05) foi do 14,29%. A taxa de ocupación (IN12M-PC-05) foi do 35,00%; e a porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (IN13M-PC-05) o 71,43%.

Unha das pretensións prioritarias, como se indicou, da Coordinación e da Comisión Académica do título é aumentar o número de alumnado procedente de países de fóra do EEES, así como incrementar o procedente doutras universidades tanto do EEES como españolas, e da USC e SUG. A presenza de profesorado doutras áreas de coñecemento que non son as de Filosofía persegue tamén a captación de alumnado doutras titulacións, así como ofrecer ao procedente do Grao en Filosofía unha complementación da súa formación previa cunha orientación interdisciplinar, respondendo, en particular "á demanda de quen busca unha **formación** para orientarse cara a investigación ou para formar parte de equipos de análise crítica e exploración de solucións ante os retos actuais relacionados co coñecemento e a cidadanía". Nesta primeira edición o desenvolvemento do plan de estudos segundo a memoria verificada permitiu unha correcta adquisición das competencias alí especificadas. Hai que ter en conta asimismo que a media de alumnos por grupo de teoría (4,24) e de docencia interactiva (4,31) tamén o posibilitou moi favorablemente.

En canto as incidencias, so compe subliñar que na fase de inscrición e matrícula houbo problemas informáticos na plataforma da USC coa modalidade "A tempo parcial", impedindo que se acollese algún alumnado máis. Detectouse un erro na denominación da materia optativa do segundo semestre, impartida polo Prof. R. Máiz, iniciándose a subsanación polas canles requeridas (a denominación correcta é "Nacións, Nacionalismos e Movementos Étnicos na Era da Globalización").

Para esta primeira edición do máster, dispuxemos duha axuda da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa (concedida o 21/06/2016) de 650€ para a posta en funcionamento da páxina web propia (como se recollía na memoria verificada), mantemento e revisión da web para o curso 2016-17 e para cartelería e dípticos para a súa difusión. Tamén se propuxo a impartición de dúas conferencias, unha por cada itinerario. Finalmente, dado o montante da concesión da axuda, tivemos que contar co apoio económico da Facultade para poñer en marcha a páxina web e máis o seu mantemento, e para cartelería e dípticos. As conferencias non puideron levarse a cabo.

Non obstante, a Comisión Académica do Máster considerou pertinente deseñar catro Accións de mellora. Partindo de que nesta primeira edición xa se tiña posto en funcionamento a páxina Web propia: <http://www.masterenfilosofia.com/>, xulgouse necesario difundir máis e mellor a información e proxectalo cara fóra da Facultade e da USC, para iso propúxose, seguindo o criterio de "Información e transparencia" a **AM-2**:

para mantemento e revisión da Web propia durante o curso 2017-18, cuxa execución estaba condicionada a recibir financiamento na convocatoria de axudas de calidade. Neste sentido compre indicar a nosa decepción pola falla de apoio ao esforzo que está a facer o noso centro, pois non se recibiu ningunha axuda económica para esta acción, sendo asumida pola Facultade, amosando unha vez máis o seu compromiso e interese na proxección deste título. O mesmo aconteceu coa **AM-3**: que respondía á necesidade de difusión do máster por medio de cartelería e dípticos con certo tempo de antelación respecto do período de inscrición. A Facultade asumiu os custos. Por falla de financiamento e tamén por presentar dificultades técnicas para levala a cabo, non foi posible realizar a AM-4, relativa á utilización de redes sociais como instrumento de difusión e proxección do Máster. Dúas das Accións de Mellora que propoñemos no curso 2017-2018, volven recoller o contido na AM-2 e na AM-3 do curso 2016-2017.

Diseñouse tamén un Panel expositor para poñer na entrada da Facultade para a edición do curso 2017-2018 cuxo custo foi asumido polo centro.

Consideramos que se trata dun máster que polo seu carácter interdisciplinar no campo das Humanidades e das Ccs. Sociais ten un espazo salientable no mapa da oferta da USC. Moi especialmente é de indudable interese para o “Campus da Cidadanía” cuxo plan estratéxico estaba en marcha, e foi recentemente aprobado, no que tivo participación activa a Facultade pois dificilmente se podería prescindir das achegas filosóficas nun campus así denominado e configurado. A Acción de mellora **AM-1** deseñouse, xusto, para reforzar esta orientación e estratexia de proxección do máster e o seu encaixe neste novo Campus. Baixo o criterio “Organización e desenvolvemento”, propúxose a realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade, tanto para o alumnado como aberto ao público fundamentalmente do Campus de Cidadanía e como unha actividade inserida nel. Tampouco neste caso se recibiu financiamento na convocatoria de axudas de calidade. Non obstante, si recibiu, unha vez máis, o apoio da Facultade xa que, finalmente as conferencias integráronse no ciclo “Filosofía, Cultura e Cidadanía” facendo parte das actividades da Semana de Filosofía da Facultade no mes de novembro do 2017. Malia non ter financiamento, tiveron lugar dúas xornadas formativas: o Seminario: “Cibernética, robótica e intelixencia artificial: a revolución “industrial” permanente”, impartido polo Profesor de Máster Luís Varela Cabo, o 24 de outubro de 2016, publicitado na páx. Web propia; e o Workshop: Actualidad del concepto de “vida” ¿Hacia una biontologización de la Filosofía?, o 27 de xuño, na Sala Hipatia da Facultade, coordinado polo Prof. do Máster Federico L. Silvestre e que contou coas intervencións, ademais da do Prof. L. Silvestre, coa Profa. Fátima Díez-Platas de Historia da Arte (USC), do Doutorando en Filosofía (USC) Guillermo R. Alonso, e Nicola Zengiaro e Abraham Pérez, os alumnos do Máster.

O título mantén o interese académico, e é útil en dúas direccións que entendemos como rigorosamente complementarias: (i) con vistas á formación investigadora; e (ii) con vistas á configuración de novas vías de acceso ao mercado laboral, que precisa de analistas de amplo espectro para os novos problemas das empresas, das institucións e das nosas sociedades vertixinosamente cambiantes; e que teñan acadado competencias orientadas á acción sobre a nosa realidade inmediata que non son as propias de especialistas noutros campos (físicos, químicos, biólogos, economistas, lingüistas, tradutores...). Un obxectivo fundamental do Máster é que quen o complete teña acadado competencias que incrementen a súa capacidade para comprender problemas configurados en ámbitos moi distintos, nos que a formación filosófica pode resultar de especial utilidade. Como proba da mencionada utilidade desta formación cabe sinalar que experiencias deste tipo se están impondo nas grandes empresas con maior capacidade innovadora no mundo.

Polo dito, consideramos que o programa formativo está actualizado e foi implantado de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspondeuse co establecido na memoria verificada. Ademais das materias do módulo de Formación básica e das dos dous módulos de itinerarios, ofertáronse 6 materias optativas, das que os estudantes tiñan que escoller 3. As 6 ofertadas foron: Filosofía e Empresa; Pensar o coñecemento; Linguaxe, Representación e Comunicación; Bioética actual; Arqueoloxía, Antropoloxía, Historia e Nacionalidade e Movementsos étnicos na era da Globalización. O seu uso en Humanidades e Ciencias sociais. Igualmente, levouse a cabo o desenvolvemento das actividades académicas segundo o establecido. Non obstante, e axustándose á memoria, froito do contacto co alumnado mediante as reunións tidas, así como co profesorado, por parte da coordinadora do máster e máis dos dous coordinadores designados para os dous itinerarios, procedeuse a unha mellor articulación das metodoloxías docentes, do sistema de avaliación e cualificación, atendendo moi especialmente a que todas as materias son de 3 créditos, e isto require unha boa adecuación metodolóxica e avaliadora. O feito de seren un número reducido de alumnos redundou nunha mellor consecución das competencias; o tamaño do grupo foi axeitado ás actividades formativas: a media por grupo de teoría (IN31M-PS-01) foi de 4,24; e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32M-PS-01) de 4,31. Asimesmo producíronse importantes achegas cara a mellor adecuación das guías docentes das materias, que están publicadas na páxina da Facultade e na Web propia do máster.

En canto á participación do alumnado en programas de mobilidade, compre indicar que o máster recibiu 1 Erasmus (Uniwersytet Lodzki, Polonia), a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 14,29%. A participación do profesorado do Máster en Programas de mobilidade no curso 2016-17 foi do 6,67%.

No relativo á mobilidade compre salientar que o 17/01/2017 foi asinada a extensión do Máster ao Convenio Erasmus coa Universidade do Minho (Braga).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-17 a Comisión de Calidade do centro puxo en marcha un plan de coordinación e elaborou un protocolo de aplicación tanto para o grao como para o máster, onde se establecen os procedementos que deben seguirse para o desenvolvemento desta tarefa..

No máster, como se indicou, existen tres figuras de coordinación que traballan en equipo: ademais da coordinación xeral, cóntase con un/ha coordinador/a por cada un dos itinerarios que pode seguir o alumnado.

Segundo o protocolo os tres coordinadores, ademais dunha reunión inicial de presentación e benvida co alumnado indicándolle o sentido global do máster e o seu desenvolvemento previsto na memoria verificada (11/09/2016), e trasladandolle información e orientacións acerca da planificación xeral do curso, convocaron dúas reunións de coordinación, unha despois de finalizado o prazo de matrícula e outra ao final do primeiro semestre co alumnado (18/10/2016; 14/02/2017) e outras dúas co profesorado (21/10/2017; 6/03/2017), co obxectivo de detectar aspectos disfuncionais ou problemas susceptibles de introducir melloras. Os aspectos tratados nestas reunións recóllense en informes e fanse públicos nunha carpeta a través da Coordinación na Aula virtual do máster. En todo caso, a reunión de final do primeiro semestre que se celebra co profesorado céntrase sobre todo en analizar a información aportada polo alumnado na reunión que previamente se mantén con eles. Neste sentido, á vista do problema detectado respecto da carga de traballo na reunión cos estudantes, quen indicou a sobrecarga derivada do gran número de traballos no día a día, considerouse necesario dar un maior desenvolvemento as tarefas de coordinación e, neste sentido, propiciar traballos conxuntos entre distintas materias baixo acordo e supervisión do profesorado implicado. Neste sentido, propónse unha Acción de Mellora no curso 2017-2018.

A experiencia de coordinación do curso 2016-17 puxo de relevo que o carácter interdisciplinar deste máster e as especialidades diversas, tanto do profesorado como do alumnado, outorga a esta tarefa de coordinación unha importancia fundamental e a converte nun instrumento chave para a introdución de melloras. Concientes disto, a Comisión de Calidade solicitou ao Centro de Formación Continua un curso de formación en "Coordinación horizontal e vertical" que tivo lugar o pasado mes de novembro, no que participaron membros do equipo de coordinación e docente do máster.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo o perfil de ingreso recollido na memoria verificada:

"Atendiendo a que el máster es de especialización en Filosofía, con dos itinerarios: uno sobre "Conocimiento y comprensión del mundo", y el otro sobre "Ciudadanía y globalización", el perfil de ingreso de los estudiantes debe responder a los siguientes criterios:

- Licenciados y graduados en Filosofía, con interés en la investigación en dicho ámbito, y de manera específica en las cuestiones filosóficas relacionadas con: (a) el conocimiento y la comprensión en los ámbitos de las ciencias naturales y sociales, de las tecnologías y de las humanidades, a la luz de las grandes transformaciones actuales; b) la ciudadanía y los aspectos derivados de los procesos de globalización social, económica y política.

- Licenciados y graduados en otros títulos interesados en las cuestiones de reflexión filosófica del conocimiento y comprensión del mundo en relación con las ciencias naturales y sociales, las tecnologías y las disciplinas humanísticas.

- Licenciados y graduados en otros títulos interesados en las cuestiones de reflexión filosófica acerca de aspectos éticos, antropológicos y políticos orientados a las problemáticas de la ciudadanía y de los procesos actuales de globalización".

Constátase a coherencia entre o perfil de ingreso e o perfil real dos estudantes matriculados nesta primeira edición. Dos 7 matriculados, 6 son graduados ou licenciados en Filosofía e 1 en Psicoloxía.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As normativas xerais da USC aplícanse segundo o establecido nelas e contribúen a un axeitado desenvolvemento do título.

Particularmente importante para o máster é a normativa respecto a matrícula na modalidade “A tempo parcial” que, como se indicou anteriormente, a súa aplicación informática non funcionou ben no período de matrícula para esta primeira edición. De igual modo, compre subliñar que se constata un problema cos prazos de inicio de matrícula, que está en camiño de solucionarse para vindeiras edicións. E tamén percíbese un certo desaxuste respecto ao calendario oficial da USC entre o inicio do período docente e as datas de defensa dos TFGs, de xeito que unha parte do alumnado acaba incorporándose xa iniciado o curso académico.

Na páxina da Facultade de Filosofía ofrécese información acerca de todo este marco normativo mediante un apartado específico etiquetado como “Normativa”, remitindo á normativa xeral da USC que rexe os estudos de Máster. Nela recóllese o Regulamento do TFM: <http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/TFM.html>, no que se fai constar: Normativa, calendario, formularios, liñas de traballo, títulos e prórrogas do TFM, tribunais e cualificacións.

En aplicación da Normativa, no mes de outubro, unha vez pechado o prazo de matrícula, procedeuse á elección e nomeamento dos dous representantes dos estudantes que forman parte da Comisión Académica do Máster.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre este máster está ubicada na páxina web da USC: <http://www.usc.es/masteres/>; na páxina web da Facultade de Filosofía:

<http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=16756&estudio=16757&codEstudio=16103&valor=9>

onde se ofrece información sobre Admisión e matrícula, Profesorado da titulación e Plan de estudos; así como a información sobre o regulamento e todo o relativo ao TFM. E na web propia do máster: masterenfilosofia.es, que son convenientemente actualizadas. Asimesmo, no apartado de Calidade da páxina da Facultade, no Sistema de Garantía interna de Calidade, está o máster: <http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html>, coa información relativa á Memoria do título, a Resolución de verificación e o Plan de melloras. E a Comisión Académica e as Actas da mesma: http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/comision_master_filosofia.html

Na recente avaliación para a renovación da acreditación do Grao de Filosofía **a información pública disponible foi considerada como un dos puntos fortes do centro**. Isto é o resultado dunha política xeral da Facultade que tamén inclúe ao máster e do desenvolvemento durante o curso 2016-2017 de accións de mellora que supuxeron unha reestruturación e ampliación moi importante da información publicada respecto das titulacións que imparte. Entre estas accións salientamos aquí as que atinxen ao Máster:

- Actualización da fotografía e enderezo da Facultade
- Maior visibilización e mantemento de "Novidades"
- Publicación de todo o relativo a TFM e Guía Docente
- Publicación das Guías docentes das materias do Máster
- Creación dunha nova Caixa: "Información académica" na que se inclúe, ademais da referida a TFG e TFM, horarios de clases e exames, titorías docentes, mobilidade, calendario académico e máis recentemente, Cvs do profesorado da Facultade.
- Publicación da composición dos órganos, comisións -incluída a Comisión Académica do Máster- e cargos unipersonais da Facultade.
- Publicación de actas da Comisión de Calidade do Centro e tamén das da Comisión Académica do Máster.
- Publicación das Memorias de Calidade do Centro, e información sobre Informes de Seguimento, Plan de viabilidade e renovación da acreditación;
- Información sobre os Grupos de Investigación da Facultade.

Nesta liña, a importancia outorgada á información e transparencia levounos a pór en funcionamento unha Web propia do máster, co financiamento da Facultade e estruturada segundo: Inicio (Presentación; ¿A quen vai dirixido? ; ¿Queres saber máis?); Plan de estudos (Estrutura e Guías Docentes); Docentes (área de coñecemento e enderezo electrónico), Organización (Horarios materias, calendario de exames, TFM); Información (Material corporativo: cartel e díptico descargables; Comisión Académica do máster; Buzón de

Suxestións; Defensor da comunidade universitaria; Egresados); Noticias, Idioma (galego e castelán), dando información ademais de Admisión e matrícula, sobre os dous itinerarios, o seu carácter interdisciplinar e o acceso ao doutoramento. Coa axuda dun Bolseiro de colaboración do Departamento de Filosofía e Antropoloxía que levou a cabo as traducións, dispónse das Guías docentes do máster en galego e máis en castelán.

Como xa se dixo anteriormente tamén se colocou un Panel expositor na entrada da Facultade, nun lugar moi visible, publicitando o máster para o 2017-18, dado que no Centro desenvólense moitos actos con xente moi diversa.

Igualmente a coordinación fixo unha reunión informativa a comezo do mes de maio co alumnado de 4º do Grao en Filosofía para presentar e difundir o máster.

Comprou salientar tamén que nos últimos números que se teñen publicado da *Revista Agora*, con sede na Facultade, aparece a información sobre o máster.

Conscentes da necesidade de reforzar esta dimensión do título referida a Información e Transparencia deseñáronse dúas Accións de mellora, como xa foi dito: a **AM-2** perseguía o mantemento e actualización da web; a **AM-3** a súa difusión por medio de cartelería e dípticos inmediatamente antes do período de matrícula. Estas accións estaban necesariamente condicionadas á recepción de axuda económica por parte da Área de Calidade da USC. Dado que esta axuda non foi concedida para o curso 2017-18, as dúas accións foron financiadas con cargo aos orzamentos da Facultade, sendo posible difundir información na nosa contorna, en particular nos centros da USC, nos centros de ensino secundario e nos centros máis relacionados das outras dúas Universidades galegas.

Seguindo esta liña, e avaliando a importancia que ten a información e difusión para a continuidade do máster, seguiremos incluíndo estas accións de mellora na programación e solicitude de axudas para o vindeiro curso.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade de aplicación nas titulacións que se imparten na Facultade de Filosofía adopta o Sistema de Garantía de Calidade marco da USC. A páxina web da Facultade conta na actualidade con todos os accesos directos aos contidos do Sistema de Garantía de Calidade (Manuais do SGIC, Memorias dos títulos, Informes de Seguimento, Plans de Mellora, Memorias de Calidade, composición e actas da Comisión de Calidade, etc...) garantíndose así que todos os grupos de interese teñan acceso a esta información.

O actual equipo de goberno da Facultade, desde a súa incorporación en xuño de 2016, adoptou unha serie de medidas orientadas a acadar unha xestión máis eficaz do SGIC e a reforzar a súa capacidade de control da calidade dos diferentes procesos que a integran. Entre estas medidas subliñamos a asunción como tarefa central e específica por parte do vicedecanato da dirección e coordinación da calidade, así como a unificación das Comisións de Grao e Calidade, nunha única comisión de Grao-Calidade. Considerouse que, dado o tamaño pequeno da nosa Facultade isto contribuiría a reducir o número de reunións e a favorecer a economía de tempo e esforzo das persoas que participan nelas, propiciando á par unha xestión unificada e coordinada das accións. No Informe Final de avaliación para a renovación da Acreditación do Grao sinalase como un dos puntos fortes "unha progresiva mellora na implantación do SGC" e valórase positivamente "a transparencia da propia comisión evidenciada na publicación na web das actas das reunións de dita comisión.

A nova estrutura de xestión do SGIC supón en si mesma unha revisión e mellora do proceso de **Planificación** que preside e controla todos os demais procesos integrados no mapa do SGIC. Seguindo as recomendacións dos Informes de Seguimento do Grao e do Máster, e co asesoramento da Área de Calidade da USC, introducíronse cambios e melloras nos seguintes procesos que afectan a todos os títulos impartidos na Facultade e que, xa que logo, repercuten moi positivamente sobre a xestión de calidade do máster: 1) A coordinación das distintas tarefas integradas na **Planificación das Ensinanzas** veuse favorecida pola unificación dos dous departamentos dos que dependía a docencia do Grao e do Máster, así como pola presenza da Dirección do novo Departamento na Comisión de Calidade. Revisáronse e unificáronse todas as guías docentes, tamén as do máster, especificando con máis claridade os aspectos referidos á avaliación e ás competencias contempladas nas MTVs.

2) Polo que se refire á **Docencia**, salientamos a posta en funcionamento do programa de coordinación: nomeando dous coordinadores para os dous itinerarios e levando a cabo reunións tanto co alumnado como co profesorado. Programa que seguiremos implementando o vindeiro curso e para o que propoñemos unha acción de mellora.

3) En canto ao referido ao **Apoio da actividade docente**, subliñaríamos toda a mellora do control dos

documentos e rexistros que foi posible grazas á estabilización do cadro de administración mediante a incorporación da figura da Responsable de Unidade do Centro con carácter estable. Isto fixo posible á súa vez a mellora de 4) A información pública que se concretou nunha actualización da páxina web da Facultade e a incorporación de toda a documentación prevista polo propio SGC, do que dimos conta no apartado 2.1.

5) En canto ao proceso de **Medición, análise e mellora** constatase nos últimos cursos un incremento da participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, resultado da información que se está difundindo sobre a súa importancia. A coordinación do máster aplicou esforzos a que se cubrisen as enquisas de avaliación. Os datos de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción no curso 2016-2017 foron do 75%. Máis baixos foron os relativos á titulación: unha taxa de resposta sobre matriculados do 14,29%. Xulgamos que unha taxa tan baixa pode ser debida a que esta enquisa pasouse do 13 ao 24 de novembro do 2017.

En referencia ás suxestións e reclamacións, consideramos que o procedemento de coordinación que temos explicado no punto 1.3. , sumado ao número reducido de alumnado, permitiu unha comunicación constante e fluída cos estudantes orientada a atender ás súas inquietudes, así como detectar e corrixir os problemas e aspectos disfuncionais máis inmediatos. Non se presentaron suxestións e reclamacións polo procedemento normativo establecido pola USC

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Hai que ter en conta que este é o primeiro informe de seguimento, e por tanto estamos a referirmonos á primeira edición do máster e, por iso, non contamos con informes anteriores, si ben para a súa configuración atendeuse nalgúns puntos ás recomendacións de informes relativos ao máster anteriormente vixente, e ás recomendacións da Área de calidade da USC.

Volvemos incidir, non obstante, na importancia da coordinación, ante os problemas detectados, e na necesidade do seu afortalecemento, para o cal propoñemos, como se indicou, unha Acción de mellora.

É necesario salientar asimesmo que para facilitar o seguimento do título, da renovación da acreditación e a garantía de mellora continua considérase imprescindible a axuda económica da Área de calidade, pois ata agora boa parte dos custos recaeron nos orzamentos da Facultade.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Como resultado da unificación das Comisións de Grao e Calidade, medida orientada a reforzar o SGC á que fixemos referencia no punto 3.1, levouse a cabo unha modificación do Manual Simplificado do SGIC que foi supervisada e contou co visto bó da Área de Calidade da USC (aprobación definitiva 27/04/2017).

A Comisión de Calidade tras a modificación do manual SGIC do Centro, quedou constituída polo Decano, a Responsable de Calidade do Centro (Vicedecana/o de Calidade), os coordinadores de Grao e Máster, o Director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía, un membro do PAS (Responsable da Unidade) e tres alumnas/os (dous de Grao e un de Máster). Nela, pois, están representados todos os grupos de interese. Como xa se indicou, nun Centro pequeno como o noso a integración das Comisións de Calidade e Grao presenta ventaxas que veñen a contribuir a unha maior implicación e participación dos grupos de interese no SGC como poden ser: concentración de reunións e redución do absentismo que causaba a súa multiplicación; unha abordaxe máis global dos asuntos e unha maior celeridade na formulación e execución de solucións. Este modo de traballar, en definitiva, está contribuíndo a unha mellor difusión da cultura de calidade no Centro, cuxa asimilación avanza a un ritmo razoable e revirte de forma importante no desenvolvemento do Máster.

No Centro estase a dar un uso progresivo da aplicación informática para a xestión da calidade. As Accións de Mellora xa son xestionadas a través da correspondente aplicación. O uso desta aplicación vaise extendendo a outros aspectos de xestión da calidade, conforme o PAS vai recibindo cursos de formación para o seu manexo. Neste sentido o PAS do noso Centro demandou ao Servizo de Planificación e Programación de PAS (Sección de Formación) para curso 2016-17 as seguintes accións formativas referidas tanto á propia xestión da calidade como a procesos esenciais implicados nela, e sen cuxo apoio non sería posible o seu desenvolvemento: "A calidade nos centros", "Procesos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación dos títulos oficiais no SUG". A porcentaxe de participación do PAS no centro en plans de formación para o 2016/17 foi do 20,0%. E a satisfacción foi do 3,91.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

o profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24M-PS-01) é do 86,36% (Media: 85,55). A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25M-PS-01) é do 92,86% (Media 91,85), agás no caso da Directora da Biblioteca do centro que impartiu 7 horas na materia de formación básica "Técnicas de Traballo de Investigación", segundo o previsto na memoria verificada, todos os docentes son doutores. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26M-PS-01) é do 71,43% (Media 69,06).

Do total dos 30 docentes que participan no título 6 son catedráticos de universidade, 14 Titulares de universidade, 4 Prof. Contrados Doutores, 1 Contratado Postdoutoral Xunta; 1 Prof. Asociado LOU, 1 Contratado Interino, 1 Profesional área externa.

O profesorado é suficiente e adecuado para desenvolver as funcións, atender a todos os estudantes e que estes acaden as competencias contempladas na memoria verificada. O persoal académico asignado ao Traballo Fin de Máster é tamén adecuado. O Profesorado do máster participou nos cursos de formación docente ofertados pola institución no curso 2016/17 (nun 26, 67%).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Entre o curso 2008/09 e o curso 2016-17, teñense dado cambios de persoas e nalgún caso de categorías no PAS vinculado á Facultade de Filosofía, na que se imparte o Máster, aínda que se mantivo o número de efectivos:

- 1 Secretaría Administrativa do Dpto. de Filosofía e Antropoloxía
- 1 Secretaría de Decanato
- 1 Auxiliar Técnico Informático
- 1 Responsable Unidade
- 1 Oficial de Servizos
- 1 conserxe (compartido coa Fac. de Xeografía e Historia)

BIBLIOTECA

- 1 Dirección (compartida coa Fac. de Xeografía e Historia)
- 1 Axudante de biblioteca
- 2 Auxiliares Arquivos, Bibliotecas e Museos

- 1 Responsable Asuntos Económicos (compartido coa Fac. de Xeografía e Historia)

Pódese dicir que, dadas as dimensións físicas e polo que respecta ao número de títulos da Facultade de Filosofía, contase cun cadro de PAS adecuado. Trátase, ademais, dun cadro cualificado e eficiente, contribuíndo notablemente á calidade dos servizos que desde o Centro se aseguran en relación co Máster tanto para docentes e investigadores, como para estudantes e persoas interesadas na oferta de actividades que se organizan en relación con este título.

O PAS amosa interese na mellora da súa formación. Proba diso é a súa participación nos Plans de Formación. A porcentaxe de participación, neste sentido, foi, no curso 2016/17, do 20,0%.
Subliñamos tamén a participación na docencia da Directora da Biblioteca do Centro (dirección compartida coa Facultade de Xeografía e Historia).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

En xeral, entendemos que os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e do profesorado do Máster son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, en función da modalidade presencial do título e das competencias a adquirir polos estudantes segundo as previsións da memoria verificada.

Compre salientar que no Informe de avaliación para a renovación do Grao en Filosofía sinalouse como un dos puntos fortes do Centro "os recursos materiais, infraestruturas e servizos, destacando os recursos bibliográficos", e constatando igualmente "o apoio e atención que se presta a estudantes con diversidade funcional e necesidades educativas especiais".

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os seguintes:

A Facultade de Filosofía ten a súa sede no edificio histórico da praza de Mazarelos, consta de 5 plantas, incluída a planta sótano destinada á Biblioteca do Centro. A planta baixa, primeira, segunda e terceira están destinadas a aulas, seminarios, despachos do persoal administrativo e de servizos, e do persoal docente e investigador e dependencias como:

- Salón de Actos: con capacidade para 160 persoas, con conexión de rede, 1 ordenador, 1 canón de vídeo, 1

micrófono inalámbrico, 1 pantalla de proxección e 3 altavoces;

- Sala de Xuntas: con capacidade para 24 persoas, con conexión de rede, 1 ordenador, 1 canón de video, 1 micrófono inalámbrico, 1 pantalla de proxección e 1 sistema de videoconferencia;

- Local de estudantes: con capacidade para 14 estudantes e con conexión de rede, 1 ordenador e 1 encerado;

-Sala Hipatia: sala múltiple, con capacidade para 38 persoas, con conexión de rede, 1 canón de video, 1 pantalla de proxección e encerado.

-Biblioteca. Polo seu papel fundamental no apoio da docencia, estudo e investigación, merece unha mención especial. Conta cun persoal competente e involucrado na súa mellora profesional. Dispón de 90 postos de lectura e dunha colección de recursos en acceso aberto pertinentes para o currículo do Máster, consistente en: 41.367 volúmenes de monografías, 617 títulos de revistas en coleccións abertas e pechadas, e 44 de revistas electrónicas (consignando unicamente os títulos nos que aparece especificamente a palabra Filosofía) accesibles a través do portal Pórtico. Segundo o indicador EA5, o número de fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados directamente coa temática do título é de 998, moi alto en relación con outras titulacións que teñen moito máis alumnado.

A Biblioteca promove ademáis cursos e ferramentas de formación. Como xa se indicou, a Directora da Biblioteca imparte 7 horas na materia básica do Máster "Técnicas de Traballos de Investigación". Ten páxina web propia e equipamento tecnolóxico accesible aos usuarios, así como espazos de estudo adecuados tanto en instalación como en número de postos de lectura.

A Biblioteca está involucrada na mellora constante da súa calidade a través da optimización dos servizos, das ferramentas que dan acceso aos contidos e na difusión das súas coleccións.

-O Máster impártese en dous Seminarios o 108 e o 109, ambos os dous teñen capacidade para 20 persoas, contan con conexión de rede, 1 ordenador, 1 canón de video, 1 pantalla de proxección, 1 monitor e 1 encerado; o 109 dispón ademáis dunha pantalla táctil.

-Todo o edificio dispón de interconectividade WIFI máxima (froito dunha recente mellora por parte do Centro), xunto con unha mellorada conectividade eléctrica á rede do edificio.

- Melloráronse tamén os Servizos postos a disposición dos estudantes:

O local de reunións equipouse con 2 ordenadores, 1 nevera, 1 cafetera e 1 microondas.

-Adquiriuse equipamento informático para o préstamo: 2 ordenadores portátiles que están disponibles na Biblioteca do Centro para préstamos desde xaneiro de 2016.

Accesibilidade, seguridade e medio ambiente:

O edificio histórico, sede da Facultade de Filosofía, cumpre todos os requisitos legais en canto a accesibilidade de minsválidos, con rampas de acceso e de saída do Centro, así como con baños en cada unha das plantas.

Asimesmo, o Centro segue a normativa para a recollida de materiais biolóxicos, papel, CDs, lámparas fluorescentes e pilas, segundo o plan de desenvolvemento sostible da USC.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribuíron nesta primeira edición do título á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos. Se ben a taxa de rendemento (IN34M-SO1-PM-01) foi algo menor da esperada (72% do 85%), a taxa de éxito (IN35M-SO1-PM-01; IN50M-SO1-PM-01) foi do 100%. Sen datos aínda sobre a taxa de graduación (IN37M-SO1-PM-01), é conveniente indicar que algúns dos alumnos matriculados estaban ao mesmo tempo traballando; e segundo os nosos datos, graduouse o 50%; tampouco dispoñemos de datos da taxa de abandono (IN41M-SO1-PM-01). Globalmente os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfan os obxectivos do programa formativo. Como é a primeira edición do máster entendemos que para mellorar e revisar o plan de estudos é preciso ter os datos, cando menos, da súa segunda edición, actualmente en curso, e tamén tendo en conta que hai alumnos matriculados nesta edición de algunhas materias así como do TFM do ano anterior.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Partindo de que se trata da primeira edición do Máster os indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título, satisfacendo as demandas sociais da súa contorna. Os indicadores e resultados evolucionan de xeito bastante favorable e os resultados adecúanse tamén razoablemente ás previsións e características do título, atendendo ao reducido número de alumnado neste primeiro ano. En canto aos indicadores de demanda, non se dispón de datos da Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04M-PC-05), non obstante constanos que houbo máis preinscripcións dos finalmente matriculados (entre outras, por estar en competición co Máster de Profesorado no caso dos graduados en Filosofía), e que houbo dúas persoas que chegaron a matricularse e que logo, por diversas razóns, renunciaron á matrícula, sendo finalmente 7 os matriculados. Como xa se indicou non contamos con datos relativos á taxa de graduación nin da taxa de abandono.

No que respecta aos indicadores de resultados: a taxa global de rendemento (IN34M-S01-PM-01) é do 71,54%, e igual porcentaxe global no que atinxe á taxa de avaliación (IN36M-S01-PM-01) das materias do plan de estudos (71,54%). En canto á taxa de eficiencia (IN53M-S01-PM-01) deúse a máxima: 100%, o mesmo no que atinxe á taxa de éxito (IN35M-S01-PM-01; IN50M-S01-PM-01) é do 100%.

En xeral, valoramos positivamente os resultados dos indicadores á luz da memoria verificada mais, de novo, hai que ter en conta que se trata da primeira edición do máster e que, polo tanto, entendemos que para mellorar e revisar o plan de estudos segundo os indicadores é preciso ter os datos, cando menos, da súa segunda edición.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado e do persoal de apoio son adecuados:

-Indicadores de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M-S01-PM-01): 4,5 (de 1 a 5); a taxa de resposta (IN48M-PM-02) foi do 75%

-Indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M-S01-PM-01): 4,17 (de 1 a 5); a taxa de resposta foi do 53,33%

-Segundo o Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos: 3,81 (de 1 a 5); taxa de resposta 80%

Os indicadores de satisfacción teránse en conta para a mellora e revisión do título, como xa indicamos, agardando polos datos da nova edición, ao ser este o primeiro ano de implantación.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que no curso 2016/2017 foi o da súa implantación por primeira vez, non disponemos de datos.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG / web do Centro
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG / web do Centro
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non procede
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4315923_P.Ind_2016-2017
			4315923_INF.16_2016-2017
			4315923_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4315923_I2_2016-2017
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4315923_P.Ind_2016-2017
			5045_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web USC do Título Web propia do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro

3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 / campus virtual
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4315923_P.Ind_2016-2017
			4315923_INF.04_2016-2017
			5045_INF.05_2016-2017
			4315923_INF.06_2016-2017
			4315923_INF.07_2016-2017
			4315923_INF.08_2016-2017
			4315923_INF.09_2016-2017
			4315923_INF.10_2016-2017
			5045_INF.11_2016-2017
			4315923_INF.13_2016-2017
			4315923_INF.14_2016-2017
			5045_INF.21_2016-2017
			4315923_INF.22_2016-2017
4315923_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4315923_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4315923_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5045_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 / aula virtual
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5045_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5045_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4315923_INF.13_2016-2017
			4315923_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5045_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro

5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Non procede
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Non procede
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, ao menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Enlace web
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	4315923_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Aula virtual
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7 Aula virtual
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4315923_P.Ind_2016-2017
			4315923_INF.17_2016-2017
			4315923_INF.18_2016-2017
			4315923_INF.19_2016-2017
			5045_SIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4315923_P.Ind_2016-2017
			4315923_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	4315923_EIL-SIU_2016-2017

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Plan de Melloras
Rematadas: curso 2016-2017

<u>ACCÍONS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, considera importante reforzar e completar os contidos do mesmo, así como abrilo a un público máis amplo, poñendo en valor a súa contribución a pensar interdisciplinariamente os problemas do presente, consecuentemente acadar unha maior difusión que habería de redundar nun incremento de matrícula.
Definición/ descrición proposta	Como actividade formativa para o alumnado. Realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade a impartir por profesor/a a concretar, no segundo cuadrimestre, cando os estudantes xa remataron as materias de formación básica e máis as obrigatorias de itinerario, e están a desenvolver o TFM. Tamén aberto ao público fundamentalmente do Campus da Cidadanía e como unha actividade inserida nel.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento.
Estado/Eficacia	Non executada por falta de financiamento.
Responsables	Coordinador/a do Máster. Coordinadores/as itinerarios.
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	Comprobación: Realización das conferencias. Seguimento execución: A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Dado que finalmente non foi concedida a axuda dáse por pechada a acción de mellora.
Data Comprobación	Finais do segundo semestre.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Na Memoria do Máster recollese a necesidade de dispor dunha web propia que permita o acceso dos estudantes, de forma atractiva e doada, á información. No primeiro ano do máster (curso 2016-17) púxose en marcha a páx. Web propia: masterenfilosofia.es, mais para o seu bo funcionamento requírese o seu mantemento para o curso 2017-18, de forma que contribúa a unha boa difusión do mesmo e, en consecuencia, sexa un bo instrumento tamén de captación de novos estudantes.
Definición/ descrición proposta	Promoción: o mantemento e revisión da web durante o curso 2017-18 é necesario para o bo funcionamento da páxina e permite unha sinxela administración por parte da Unidade de Xestión da Facultade de Filosofía para a edición de nova información e noticias que se vaian xerando.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada. Eficacia: Si
Responsables	Coordinador/a do Máster
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Comprobación: Publicación da web Seguimento execución: A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Aínda que finalmente non foi concedida a axuda a Facultade asumiu o seu custo polo que dáse por pechada esta acción de mellora.
Data Comprobación	Finais do curso 2016/17
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Faise preciso mellorar a difusión do máster, neste sentido, tamén por medios como cartelería e dípticos con certo tempo de antelación ao período de matrícula. Isto require continuidade no tempo, e o seu mantemento ao longo dos distintos cursos académicos.
Definición/ descrición proposta	Dado que se trata dun máster novo, procurárase darlle a maior difusión posible mediante cartelería e dípticos.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Non executada por falta de financiamento. Anulada
Responsables	Coordinador/a do Máster
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	Comprobación: Publicación de dípticos e cartelería. Seguimento execución: A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Aínda que finalmente non foi concedida a axuda a Facultade asumiu o seu custo polo que dáse por pechada esta acción de mellora.
Data Comprobación	Finais curso 2016/17
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	A USC non prevé canles institucionais e de xestión que faciliten a utilización das redes sociais como instrumento de difusión e proxección do Máster e das súas actividades académicas.
Definición/ descrición proposta	Contratación dos servizos dunha empresa que facilite o acceso e a xestión de redes sociais, co fin de difundir o Máster e as súas actividades académicas.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento.
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Secretario/a da Facultade
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	Comprobación: Contrato coa empresa responsable das redes sociais Seguimento execución: A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Dado que finalmente non foi concedida a axuda e ademais a execución desta acción de mellora presentaba importantes dificultades técnicas dáse por pechada a acción de mellora.
Data Comprobación	Finais do curso 2016/17
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Plan de Melloras
Propostas: curso 2017-2018

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión Académica do "Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía", considera importante reforzar e completar os contidos do mesmo, así como abrilo a un público máis amplo, poñendo en valor a súa contribución a pensar interdisciplinariamente os problemas do presente, consecuentemente acadar unha maior difusión que habería de redundar nun incremento de matrícula.
Definición/ descrición proposta	Como actividade formativa para o alumnado. Realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade a impartir por profesor/a a concretar, preferentemente no segundo cuadrimestre, cando os estudantes xa remataron as materias de formación básica e máis as obrigatorias de itinerario, e están a desenvolver o TFM. Tamén aberto ao público fundamentalmente do Campus da Cidadanía e como unha actividade inserida nel.
Datas	Curso 2017/18 no caso de recibir financiamento.
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Coordinador/a do Máster. Coordinadores/as itinerarios.
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	Comprobación: Realización das conferencias. Seguimento execución:
Data Comprobación	Finais do segundo semestre.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Na Memoria do Máster recollese a necesidade de dispor dunha web propia que permita o acceso dos estudantes, de forma atractiva e doada, á información. No primeiro ano do máster (curso 2016-17) púxose en marcha a páx. Web propia: masterenfilosofia.es, mais para o seu bo funcionamento requírese o seu mantemento para o curso 2018-19, de forma que contribúa a unha boa difusión do mesmo e, en consecuencia, sexa un bo instrumento tamén de captación de novos estudantes.
Definición/ descrición proposta	Promoción: o mantemento e revisión da web durante o curso 2018-19 é necesario para o bó funcionamento da páxina e permite unha sinxela administración por parte da Unidade de Xestión da Facultade de Filosofía para a edición de nova información e noticias que se vaian xerando.
Datas	Curso 2017/18 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Coordinador/a do Máster
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Comprobación: Publicación da web Seguimento execución:
Data Comprobación	Finais do curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia
Análise causa	Faise preciso mellorar a difusión do máster, neste sentido, tamén por medios como cartelería e dípticos con certo tempo de antelación ao período de matrícula. Isto require continuidade no tempo, e o seu mantemento ao longo dos distintos cursos académicos.
Definición/ descrición proposta	Dado que se trata dun máster de recente implantación, procurarase darlle a maior difusión posible mediante cartelería e dípticos
Datas	Curso 2017/18 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Coordinador/a do Máster
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	Comprobación: Publicación de dípticos e cartelería. Seguimento execución:
Data Comprobación	Finais curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 –Organización e desenvolvemento
Análise causa	<p>A Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, tras as reunións de coordinación cos estudantes e persoal académico, ante os problemas detectados relativos á sobrecarga de traballo dos estudantes no primeiro semestre, e dadas as especificidades de contidos das diferentes materias, malia o seu carácter interdisciplinar, considera importante unha maior coordinación horizontal, para así reforzar e complementar os vínculos transversais entre as materias e favorecer a adquisición de competencias.</p> <p>Neste sentido, preténdese desenvolver unha experiencia inicial de lecturas e traballos compartidos e coordinados entre diferentes materias que poda servir como modelo de boas prácticas.</p>
Definición/ descrición proposta	<p>Experiencia de lecturas e traballos compartidos e coordinados, inicialmente prevista entre as materias:</p> <ol style="list-style-type: none"> Itinerario de "Cidadanía e Globalización": Cidadanía, xustiza e democracia (Materia do módulo de Formación Básica); Xénero e Teoría feminista; e Patrimonio cultural e identidade (materias do itinerario). Profs. M^a Xosé Agra e Nieves Herrero Itinerario de "Coñecemento e comprensión do mundo": Desenvolvemento do Coñecemento científico; Teorías e Procesamento da información; Mente Humana. Profs. José Luís Falguera, Concepción Martínez e Xavier Donato
Datas	Primeiro semestre do curso
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Coordinadora: M ^a Xosé Agra
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	<p>Comprobación: Revisión e relación da coordinación dos traballos.</p> <p>Seguimento execución:</p>
Data Comprobación	Finais curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--